



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA IMPLANTACION DA ACTIVIDADE DE VIVENDA DE USO TURISTICO

EXPEDIENTE: 2026/G013/000001

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á TRAMITACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA IMPLANTACION DA ACTIVIDADE DE VIVENDA DE USO TURISTICO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), que dispón que, con carácter previo á elaboración/modificación de proxectos de ordenanzas ou regulamentos, se substanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

DISPOÑO:

Abrir o trámite de consulta pública previa para a redacción, tramitación e aprobación da ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA IMPLANTACION DA ACTIVIDADE DE VIVENDA DE USO TURISTICO, a través da sede electrónica municipal, durante un prazo de 15 días (naturais) a contar desde o seguinte á publicación do anuncio, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos mencionados no art. 133 da LPACAP, que figuran recollidos no presente anuncio.

As persoas interesadas poderán presentar as súas suxestións e opinións no rexistro electrónico do Concello de Betanzos ou na caixa de correos de suxestións habilitado na sede electrónica municipal.

ANEXO I CONSULTA PUBLICA

ASUNTO: CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA IMPLANTACION DA ACTIVIDADE DE VIVENDA DE USO TURISTICO

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO

De conformidade co disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, convócase unha consulta pública previa á elaboración do proxecto de ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA IMPLANTACION DA ACTIVIDADE DE VIVENDA DE USO TURISTICO (VUTS en adiante).

DISPOÑO:

Abrir o trámite de consulta pública previa, a través da sede electrónica municipal, durante un prazo de 15 días naturais desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Durante este prazo, a cidadanía, organizacións e entidades potencialmente afectadas poderán formular as súas suxestións e opinións sobre os aspectos que se detallan a continuación.

As contribucións poderán presentarse:

A través do rexistro electrónico do Concello.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Mediante o formulario habilitado na sede electrónica municipal.

ANEXO I: ASPECTOS SOBRE OS QUE SE RECABA OPINIÓN

1. Antecedentes e marco legal:

A actividade de VUT está regulada no artigo 65 bis da Lei 7/2011, de Turismo de Galicia, e no Decreto 12/2017, que establece os requisitos para o seu exercicio (declaración responsable, seguros, titulación habilitante, etc.).

A xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cualifica esta actividade como uso terciario, suxeito a regulación urbanística e sectorial.

2. Problemas que se pretenden solucionar:

Inseguridade xurídica na implantación de VUTs por discrepancias interpretativas.

Necesidade de harmonizar a normativa municipal coa autonómica e garantir o control urbanístico.

3. Obxectivos da Ordenanza:

Establecer un procedemento claro para a implantación de VUTs, incluíndo o título habilitante municipal.

Garantir a compatibilidade co uso terciario do planeamento urbanístico.

Reforzar o control municipal ante actividades ilegais (falta de licenza ou declaración responsable).

4. Posibles solucións regulatorias:

Opción 1: Ordenanza específica para VUTs, con esixencia de licenza urbanística e comunicación previa á Administración turística.

Opción 2: Integración no Réxime de Actividades Económicas do Decreto 144/2016, simplificando trámites.

Opción non regulatoria: Campañas de información e asesoramento a propietarios e comunidades de veciños.

5. Efectos sobre colectivos afectados:

Propietarios de VUTs: Cumprimento de obrigas legais e custos administrativos.

Comunidades de veciños: Posibilidade de prohibir VUTs nos seus estatutos (según Decreto 12/2017).

Sector turístico: Impacto na oferta de aloxamento e competitividade.

INFORMACIÓNS ADICIONAIS:

Texto completo do anteproxecto e normativa de referencia dispoñible na web municipal.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Prazos: As contribucións serán valoradas para a redacción definitiva da Ordenanza.

Betanzos, na data que figura na marxe.

Diego Fernández López

O concelleiro delegado

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE